



Promove Espazocoop. Co apoio do Programa 2023 da Rede Eusumo (Xunta de Galicia) e o Programa POISES - FSE

**DÁ NAS TECLAS
QUE
IMPORTAN:**

**Análise,
planificación,
e xestión
participada**

SOLICITUDES

ata 1 febreiro 2023

**Unión de
Cooperativas
EspazoCoop**

INFORMACIÓN E CONSULTAS:
www.espazo.coop
986 866 149 - roberto@espazo.coop



**APOIO Á FUNCIÓN
XERENCIAL EN
COOPERATIVAS**

"CREANDO MELLORA"



**PROGRAMA DE BOLSAS
PARA PROCESOS DE
MELLORA NAS
COOPERATIVAS - 11 edición**



CREANDO MELLORA

FINALIDADE

A finalidade do Programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas confrontan a función xerencial e os procesos de mellora nas súas organizacións, e formar a persoas para desempeñar funcións de xerencia en cooperativas.

OBXETIVOS

O obxecto desta convocatoria é seleccionar 4 COOPERATIVAS para incorporar nelas a persoas con titulación e formación axeitada que prestarán apoio na mellora xerencial durante **6 meses e 25 horas semanais**. As persoas bolseiras contan cunha axuda mensual que aboa EspazoCoop para desenvolver o seu labor. A Unión encárgase da selección das persoas bolseiras, en coordinación coas cooperativas.

PLAN DE MELLORA PARTICIPADO

As bolseiras seguen un Plan de Traballo: un programa formativo teórico-práctico dirixido por Espazocoop, sobre a xerencia e os procesos de mellora en cooperativas. Realizarán un Plan de Mellora para a cooperativa, de método participado coas socias e socios da cooperativa.

TITORIZACIÓN // ACOMPÑAMENTO

As bolseiras contarán cunha persoa titora de Espazo Coop que se encarga de realizar seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fan na cooperativa/entidade a través dun Sistema de Titorías tanto para as bolseiras como para as cooperativas.

>> Un programa para facilitar que as **COOPERATIVAS** tomen **compromiso coa súa mellora para consolidarse**

Xa foron beneficiarias **54 cooperativas** e entidades de economía social no conxunto de tódolas edicións do Programa. As súas valoracións son moi positivas.